



## **A SITUACIÓN DAS MULLERES NO ÁMBITO RURAL GALEGO**

XUNTA DE GALICIA



**A SITUACIÓN DAS MULLERES**

**NO ÁMBITO RURAL GALEGO**

XUNTA DE GALICIA

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado  
Servicio Galego de Igualdade

**Realización da investigación:**

Obradoiro de Socioloxía, S.L.

**Deseño e maquetación:**

océano...visual, S.L.

**Dep. Legal**


C-0000/0000

**ISBN:**

84-453-3669-X

<b>0. PRESENTACIÓN</b>	<b>05</b>
<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>11</b>
<b>2. O MARCO TEÓRICO DO ESTUDIO</b>	<b>15</b>
<b>3. REFERENCIAS METODOLÓXICAS</b>	<b>27</b>
3.1. A ESTRATEXIA DA INVESTIGACIÓN	29
3.2. FICHA TÉCNICA	30
3.2.1. GRUPOS DE DISCUSIÓN	30
3.2.2. ENQUISA A UNHA MOSTRA REPRESENTATIVA DE MULLERES RESIDENTES NO ÁMBITO RURAL	33
<b>4. RECAPITULACIÓN DAS PRINCIPAIS EVIDENCIAS E TENDENCIAS</b>	<b>37</b>
<b>5. CONSIDERACIÓNS DERRADEIRAS</b>	<b>95</b>







## **0. PRESENTACIÓN**





No presente documento reflíctese a síntese de resultados do estudo sobre a situación das mulleres de ámbito rural na comunidade autónoma de Galicia.

A realización deste estudo enmárcase no contexto do intenso labor de investigación que desenvolve o Servicio Galego de Promoción da Igualdade entre o Home e a Muller, como medio para coñecer a realidade das mulleres galegas en diferentes ámbitos. É preciso o coñecemento das necesidades reais da poboación feminina para a posterior planificación das políticas públicas que se desenvolvan neste eido.



O IV Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres Galegas, presentado para o período 2002-2005, inclúe unha área de actuación que, baixo o título de “desenvolvemento sostible”, considera dous obxectivos: o primeiro deles inclúe medidas dirixidas a “promover as condicións que garantan unha maior calidade de vida ó conxunto da poboación mediante a transformación do contorno ambiental, tendo en conta as diferencias existentes entre o medio urbano e o rural”; mentres que as actuacións recollidas no segundo obxectivo teñen como fin “incorporar a perspectiva de xénero no deseño de políticas medioam-

bientais e urbanísticas que posibiliten o desenvolvemento sostible, á vez que se promova a participación activa das mulleres nos procesos de toma de decisións neste ámbito”.

Se ben unicamente o primeiro destes obxectivos recolle explicitamente na súa formulación a necesidade de atender, de xeito diferenciado, ás necesidades do medio urbano e rural de Galicia, ámbolos dous presentan actuacións nas que se fai mención expresa ás mulleres que residen en zonas rurais, considerando a súa participación en cuestións tan diversas como o desenvolvemento de infraestruturas, a mellora dos transportes públicos, o achegamento de recursos e información que fomenten o desenvolvemento sostible ou o impulso do acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co medio natural.




Ademais, o conxunto deste Plan de Igualdade vese impregnado por esta filosofía de considerar de modo especial, en tódalas áreas de actuación, as características do contorno, para que o deseño e execución de actividades se adecuen en todo momento ás condicións socioeconómicas, xeográficas e culturais da poboación, aínda que non sempre se reflicta de maneira expresa nos seus obxectivos e accións.

Vendo, por todo o dito, a necesidade de posuír unha descrición actualizada e exacta do modo en que desenvolven a vida as mulleres do ámbito rural galego e das súas inquiredanzas e opinións, realizouse este estudio que pode servir como base para a planificación de actividades e políticas en moi diversos campos, que exceden en moitos casos das levadas a cabo por organismos de promoción de igualdade entre os colectivos feminino e masculino. Esperando que a información proporcionada sexa amplamente utilizada e sirva para mellora-la situación de poboación galega, e en particular das mulleres galegas, pásase a desenvolve-lo estudio realizado.



Asdo.: Marta González Vázquez

Directora xeral do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller





## **1. INTRODUCCIÓN**



A finalidade da investigación que aquí presentamos foi a de aproximarse á situación xeral das mulleres que residen nas zonas rurais de Galicia, coñece-las súas necesidades, demandas e expectativas, co obxecto de servir de base para o deseño e planificación de políticas dirixidas a este colectivo, así como á poboación de ámbito rural considerada no seu conxunto, atendendo ás necesidades de xénero. Esta aproximación supuxo, dunha banda, situar e obter un perfil sociolóxico do colectivo, un colectivo heteroxéneo e de características diversas, e doutra, analizar e detecta-las carencias e deficiencias que lles afectan.

Para a realización deste estudio empregáronse dúas técnicas de investigación sociolóxica: dunha banda, a técnica cualitativa dos grupos de discusión; doutra, a técnica cuantitativa da enquisa. A aplicación de ámbalas dúas deu lugar á elaboración de dous informes de resultados individualizados.

A investigación realizada inclúe, ademais, un marco teórico que, elaborado con carácter previo, permitiu deseñar a metodoloxía das outras dúas partes do estudio, a partir da delimitación teórica dos conceptos básicos “espacio rural” e “mulleres pertencentes ó ámbito rural”.



Sen embargo, xulgouse conveniente a realización dun novo documento que integrase e fundise, de maneira sin-tética, os resultados de ámbalas dúas partes da investiga-ción, documento que a efectos de organización interna se articula do xeito seguinte:

- O capítulo que segue a esta introducción recolle, de maneira sucinta, os aspectos de maior relevancia na construción do marco teórico da investigación.
- A continuación ofrécese un capítulo no que se reflic-ten os principais elementos da metodoloxía emprega-da na realización das partes cualitativa e cuantitativa, co fin de permiti-la plena comprensión do alcance e dinámica dos traballos desenvoltos.
- Por último inclúese o capítulo que constitúe o cerne deste documento. Para a súa elaboración incorpo-ráronse algúns elementos ilustrativos da análise polo miúdo que se obtiveron tanto do estudio cualitativo como do cuantitativo, tendo como obxectivo princi-pal a síntese dos resultados da enquisa e obténdose, como produto final, un texto que recolle unha sinopse das principais evidencias e tendencias mani-festadas na investigación.







## **2. O MARCO TEÓRICO DO ESTUDIO**



Como se indicou, a primeira parte da investigación consistiu na elaboración dun marco teórico do estudio que permitise, en primeiro lugar, delimita-lo concepto de “espacio rural” e, posteriormente, o concepto de “mulleres residentes no medio rural”.

En canto á primeira destas delimitacións teóricas, se ben o comentario das principais aproximacións realizadas desde diversas disciplinas como a socioloxía e a xeografía ó concepto de “rural/ruralidade” excedería o propósito deste documento, si cómpre referir, de xeito sumario, os criterios empregados na actualidade para a clasificación e definición de “espacio rural”.



Mentres que a Unión Europea estableceu como criterio de diferenciación entre os espazos rurais e os urbanos o indicador sociodemográfico da densidade poboacional, de xeito que se consideran rurais os municipios de menos de 100 habitantes por Km<sup>2</sup>, o Instituto Nacional de Estatística clasifica como rurais os municipios de ata 10.000 habitantes, algo que, en calquera caso, non contradí o indicador europeo adoptado, xa que, de feito, en España, empregando o criterio da densidade poboacio-

nal, a poboación rural situaríase nun 24,4%, porcentaxe semellante á correspondente á poboación residente en municipios menores de 10.000 habitantes.

A aplicación do indicador europeo -menos de 100 hab./km<sup>2</sup>- á Comunidade Autónoma galega clasifica como rural o 83,7% da superficie de Galicia, o que supón 229 municipios dos 315 totais e 850.225 habitantes<sup>1</sup>.

Se se toma o criterio que adopta o INE, en Galicia a cifra de municipios rurais -menos de 10.000 habitantes- é de 257, que concentran un total de 906.117 habitantes, isto é, o 33,1% da poboación total de Galicia<sup>2</sup>.



Sen embargo, hai que ter en conta que nas últimas décadas Galicia experimentou unha progresiva urbanización

<sup>1</sup> Cifras de poboación correspondentes ó ano 1999. Vid. Crecente, Rafael e Miranda Barrós, David (2002) Relatorio “Ordenación del espacio rural como instrumento de la multifuncionalidad”. Libro Blanco de la Agricultura y el Desarrollo Rural. Xornada Autonómica de Galicia. Santiago de Compostela, 2002.

<sup>2</sup> I.N.E. Cifras oficiais de poboación a 1/1/2002.

que significou a redución da poboación rural e do emprego agrario e, en contraposición, o incremento de residentes nas cidades e áreas urbanas e a creación de emprego nos sectores industrial e de servizos.

Ademais, en canto á distribución da poboación sobre o territorio, pode afirmarse que en Galicia se configura un sistema claramente dual, con dous modelos espaciais diferenciados en razón de calquera factor social, económico, cultural e territorial que se tome de referencia: un modelo urbano e outro rural, no que o primeiro aglutina a maior parte dos efectivos humanos e a capacidade de produción e xeración de riqueza. A expansión do feito urbano é unha evidencia, mentres que o espacio e a sociedade rural perden protagonismo e se atopan nunha fase de claro retroceso demográfico e funcional, posto que, cada vez máis, a poboación residente non se dedica a tarefas agrarias. Non obstante, tal e como ocorre noutras áreas máis desenvolvidas, o campo vincúlase á cidade cada vez máis, e ambas realidades espaciais se integran de modo directo. A cidade e os comportamentos urbanos penetran no medio campesiño.

Estas consideracións serviron para contextualizar a investigación, pois, como acaba de sinalarse, a sociedade



galega atópase, neste sentido, nun período de transición, e, como establece o Mapa Comarcal de Galicia, algunhas zonas non poden ser definidas claramente nin como urbanas nin como rurais, polo que xorde aquí o concepto de “rururbano”.

A este respecto, o Mapa Comarcal de Galicia denomina comarcas rururbanas “as zonas caracterizadas pola superposición do sistema urbano e rural”. Corresponden a áreas que presentan unha intensa mestura morfolóxica, funcional e social, cunha actividade económica predominante relacionada coas actividades non agrarias. Normalmente están asociadas a unha intensa ocupación do solo por un hábitat disperso, unha elevada densidade demográfica e unha densa rede de comunicacións. Unha das características máis frecuentes é o policentrismo urbano, que se produce ó estar organizadas por varias cidades pequenas que teñen fortes vinculacións funcionais entre si.



Neste contexto, resulta evidente o elevado grao de dificultade que supuxo a conceptualización do que é rural en Galicia, debido ás características tan peculiares desta rexión, pois adoptar rixidamente os parámetros existentes, como por exemplo a definición do INE, sería en moi-

tos casos inexacto. De aí que o establecemento dunha tripla tipoloxía de hábitat rural para o estudio fose o resultado da combinación de diversos criterios, tanto de carácter cuantitativo como cualitativo. Respondeu, polo tanto, á toma en consideración das distintas acepcións de rural/ruralidade existentes, dalgúns dos indicadores sociodemográficos manexados e, en especial, das características propias da Comunidade Autónoma galega, os seus trazos económicos e sociodemográficos, así como a súa peculiar distribución da poboación sobre o territorio.

Así pois, os tres tipos de hábitat rural que se consideraron no estudio foron os seguintes:



### • 1. O HÁBITAT RURAL INTERIOR.

Correspóndese cos municipios rurais do interior de Galicia, onde se observan un conxunto de trazos característicos, tanto de carácter cuantitativo como cualitativo. Entre eles figura o de tratarse de concellos de ata 10.000 habitantes que non limitan cunha capital de provincia; presentar reducidos espazos de urbanización; ter unha densidade demográfica baixa; actualmente rexistrar, na gran maioría dos casos, unha perda dos seus continxentes poboacio-

nais e caracterizarse por presentar un acusado envellecemento da súa poboación.

## ⊙ 2. O HÁBITAT RURAL COSTEIRO.

Correspóndese coas zonas rurais de localización litoral, que en liñas xerais, presentan unhas características semellantes ás comentadas para os municipios rurais do interior de Galicia<sup>3</sup>. Este estrato incluíría os concellos costeiros da provincia da Coruña que se estenden desde Muros a Fisterra, pasando pola Costa da Morte, o municipio de Laxe, os pertencentes á comarca de Ortegá, así como a costa lucense.



## ⊙ 3. O HÁBITAT RURURBANO.

Incluíríanse aquí tres tipos de municipios:

- a) Aqueles municipios que se sitúan na periferia das sete grandes cidades e que conforman a coroa suburbana<sup>4</sup>. Na maior parte dos casos estes concellos forman un con-

<sup>3</sup> Só un municipio dos incluídos neste estrato supera ós 10.000 habitantes. Trátase do Concello de Porto do Son, que nin pertence a unha comarca definida como rururbana no Mapa Comarcal de Galicia -a comarca de Noia-, nin tampouco posúe a condición de cabeceira de comarca.



tinuo urbanizado, aínda que tamén presentan zonas claramente diferenciadas polo seu hábitat máis disperso. A súa dimensión demográfica, económica e funcional é elevada, debido a que o efecto descentralizador da cidade esténdese a eles.

b) Os que conforman aquelas zonas que o Mapa Comarcal de Galicia define como comarcas rururbanas, exceptuando os concellos con menos de 5.000 habitantes.

Inclúense, polo tanto, na provincia da Coruña as comarcas da Barbanza, Bergantiños e O Eume, e na provincia de Pontevedra, as comarcas do Salnés, O Morrazo, e O Baixo Miño.

c) Aqueloutros, tanto do interior como da costa, que combinan a característica de constituí-la cabeceira de comarca e supera-los 10.000 habitantes. Considerouse que superando o criterio poboacional establecido polo INE para cataloga-los municipios como rurais, e presentando, ó mesmo tempo, a condición de cabeceira de comarca -isto é, que exercen de núcleo centralizador de servicios e actividades para os restantes concellos da



<sup>4</sup> Non se inclúen, pois, aqueles municipios que o Mapa Comarcal de Galicia integra nas comarcas urbanas destas cidades e que non limitan directamente coa cidade en cuestión e teñen menos de 5.000 habitantes.

devandita comarca- non debían ser incluídos nas categorías de rural interior ou rural costeiro.

Esta foi, pois, a estratificación considerada, tanto para o deseño da investigación cualitativa como para o da enquisa posterior.

Unha vez delimitado o concepto de “rural” plasmado na realidade galega, e establecidos os distintos tipos de hábitat que se van considerar no estudio, pasouse a defini-lo concepto de “muller do ámbito rural”.



Tradicionalmente, o concepto de “muller do ámbito rural” era sinónimo de “muller agraria” ou, tratándose do medio rural costeiro, de mariscadora ou doutras ocupacións directamente relacionadas coa actividade do mar. Sen embargo, se se teñen en conta as máis recentes investigacións, xa non só desde unha perspectiva autonómica, senón tamén estatal, e dadas as fortes transformacións sufridas polo medio rural español nas últimas décadas, semella necesario reconstruí-lo concepto de muller do ámbito rural e obter unha nova noción que permita explica-la evolución que nas últimas décadas experimentaron

estas zonas, para supera-la tradicional acepción de muller dedicada á realización de tarefas no sector primario.

Eses estudos establecen que mulleres do ámbito rural son a totalidade das mulleres que residen naqueles municipios definidos ou clasificados como rurais.

Para a realización do estudio optouse por adopta-lo mesmo criterio. A transformación experimentada nas últimas décadas no medio rural galego, fixo conveniente que se considerase como rural o conxunto da poboación que reside nestas zonas, con independencia da actividade que desenvolvan e mesmo do lugar no que a realicen, pois pártese de que a diversificación económica é unha das características máis significativas da nova ruralidade.

A pretensión desta nova perspectiva era obter un novo perfil das mulleres de ámbito rural de hoxe en día, un coñecemento máis profundo das mulleres que residen no medio rural/rururbano desde unha óptica complexa que inclúise diversas vertentes como emprego, vida laboral-familiar, formación, información e participación ou sistema de valores e actitudes culturais.



Resta indicar que, tendo en conta os tres estratos nos que, para a presente investigación, foi desagregado o medio rural galego, cabe indicar que do conxunto de mulleres de 16 anos e máis que serían definidas como mulleres de ámbito rural, máis da metade pertencen ó hábitat definido como rururbano, concretamente o 55,8%, mentres que un 36,2% se inclúe no denominado rural interior e un 8% no hábitat rural costeiro.





### **3. REFERENCIAS METODOLÓXICAS**

3.1. A ESTRATEXIA DA INVESTIGACIÓN

3.2. FICHA TÉCNICA

3.2.1. GRUPOS DE DISCUSIÓN

3.2.2. ENQUISA A UNHA MOSTRA REPRESENTATIVA DE  
MULLERES RESIDENTES NO ÁMBITO RURAL



### 3.1. A ESTRATEXIA DA INVESTIGACIÓN

Partindo dese marco teórico e tendo en conta as características da poboación obxecto de indagación e a escaseza de datos específicos das mulleres que residen nas zonas rurais de Galicia, creuse conveniente aborda-lo estudio deste colectivo co obxecto de obter un coñecemento o máis amplo e profundo posible da súa situación actual, desde unha múltiple perspectiva, que atenda á gran diversidade que o caracteriza.

Para isto, no deseño final da investigación optouse pola combinación de dúas modalidades metodolóxicas comunemente utilizadas na investigación sociolóxica sendo, en moitas ocasións, obxecto de grandes polémicas entre os científicos sociais: a cuantitativa e cualitativa. Ámbalas dúas desenvólvense en niveis diferentes da información e da comunicación interpersonal: a primeira busca determina-las características externas xerais dunha poboación observando moitos casos individuais; a segunda pretende comprender, o máis profundamente posible, unha entidade, fenómeno vital ou situación determinada.



En termos de desenvolvemento operativo e dadas as características de ámbalas perspectivas e do tipo de información que se obtén a través dun e doutro método, unha vez delimitado o marco teórico do estudio optouse pola realización da investigación en dúas fases sucesivas. Deste xeito, a análise cualitativa, que se realizaría en primeiro termo, sentaría as bases da seguinte parte do estudio, no sentido de apuntalas principais liñas de indagación que se levou a cabo a través dunha enquisa realizada a unha mostra de mulleres.

A seguir refírense, para efectos descritivos e con carácter de ficha técnica, os trazos principais do deseño e execución operativa da posta en marcha das dúas fontes da investigación.



## 3.2. FICHA TÉCNICA

### 3.2.1. GRUPOS DE DISCUSIÓN

- Número: 3.
- Criterios empregados para a determinación dos grupos: o criterio básico utilizado para a determina-



ción dos grupos foi a triple tipoloxía de hábitat rural definida na metodoloxía da investigación. Pero ademais usouse a idade como a principal variable considerada para a configuración dos grupos, isto é, cada grupo, ademais de posuí-la característica de pertenza ó seu correspondente tipo de hábitat, foi composto por mulleres con idades comprendidas nun intervalo determinado a priori, pois enténdese que a idade é unha variable fundamental á que se asocian múltiples aspectos que determinan unha tipoloxía de mulleres rurais.

⦿ Distribución:

⦿⦿ GRUPO 1: HÁBITAT RURAL INTERIOR.

Participaron un total de 9 mulleres residentes na comarca da Terra Chá -provincia de Lugo- con idades comprendidas entre os 45 e os 65 anos.

⦿⦿ GRUPO 2: HÁBITAT RURAL COSTEIRO.

Integrado por 9 mulleres residentes na comarca de Ortegal -provincia da Coruña- con idades comprendidas entre os 30 e os 50 anos.



⊙⊙ GRUPO 3: HÁBITAT RURURBANO.

Composto por un total de 7 mulleres residentes na comarca do Morrazo -provincia de Pontevedra- con idades comprendidas entre os 20 e os 40 anos.

- ⊙ Recrutamento: en rede.
  
- ⊙ Dinámica: precepción semidirectiva a partir dun guión xenérico.
  
- ⊙ Lugares de realización: salas reservadas e habilitadas para o efecto en centros de carácter público, facilitadas por persoal colaborador nesta parte da investigación e pertencente a concellos e outras institucións e organismos públicos.
  
- ⊙ Rexistro: audio e observación directa presencial de linguaxe non verbal.
  
- ⊙ Tratamento: análise do discurso a partir das transcricións de rexistros, atendendo ás imputacións de relevancia das emisións segundo a súa observación nas polaridades: consenso-disenso, implicitude-explicitude, espontaneidade-carácter reactivo.



### 3.2.2. ENQUISA A UNHA MOSTRA REPRESENTATIVA DE MULLERES RESIDENTES NO ÁMBITO RURAL

- ⊗ **Ámbito xeográfico:** Comunidade Autónoma de Galicia.
  
- ⊗ **Universo:** poboación feminina entre 16 e 64 anos de idade residente nos municipios previamente definidos como rurais.
  
- ⊗ **Procedemento de recollida de información:** enquisa presencial domiciliaria administrada por persoa entrevistadora.
  
- ⊗ **Tamaño da mostra:**

1.500 entrevistas distribuídas convencionalmente en tres estratos, definidos con criterios xeopoboacionais, da seguinte maneira:

Rural interior: 500

Rural costeiro: 500

Rural rururbano: 500



- ⊙ Erro da mostra:

Para un nivel de confianza do 95,5% ( $2\sigma$ ) e  $p=q=50\%$ , en mostraxe aleatoria simple, o erro estatístico máximo cometido para o conxunto da mostra é de  $\pm 2,6\%$ ; de xeito que, hipotetizando a mesma variabilidade interna en cada estrato poboacional, resultan os seguintes valores teóricos:

Rural interior:  $e = \pm 4,5\%$

Rural costeiro:  $e = \pm 4,5\%$

Rural rururbano:  $e = \pm 4,5\%$



Dadas as mínimas variacións da mostra real, o erro final no estrato rururbano foi do 4,4%, como única variación respecto dos presupostos teóricos.

- ⊙ Procedemento de mostraxe:

Polietápico estratificado por conglomerados, con selección aleatoria das unidades primarias de mostraxe -municipios, en número intencional de 16 para cada estrato-, a partir dunha ratio de 32 unidades ou fracción por concello; imputación submostral a cada

concello proporcional ó seu tamaño poboacional no estrato; selección aleatoria de seccións en número preciso para cubri-la submostra municipal, a partir dunha *ratio* de 21 unidades ou fracción por sección - en concellos caracterizados pola poboación diseminada fíxose unha selección previa intencional de parroquias-; selección sistemática de vivendas en percorridos xerados a partir de puntos de partida aleatorios; selección de últimas unidades mediante cotas de idade, proporcionais dentro de cada estrato.

⊙ Equilibrase da mostra:

Dada a afixación non proporcional dos estratos poboacionais, aplicáronse ós datos destes os seguintes coeficientes de ponderación, co fin de equilibra-los datos globais:

Rural interior: 0,98

Rural costeiro: 0,22

Rururubano: 1,77



⊗ Tratamento de datos:

Comentario analítico de frecuencias e análise da varianza en virtude de cruzamentos sistemáticos por hábitat, grupos de idade e situación sociolaboral, así como circunstanciais en virtude doutras variables, con sinalamento restrinxido ós casos en que se observaron discriminacións ou tendencias diferenciais. Para a produción e análise estatística, empregouse o programa SPSS versión 11.5.





#### **4. RECAPITULACIÓN DAS PRINCIPAIS EVIDENCIAS E TENDENCIAS**





Como se indicou en anteriores páxinas, no presente capítulo vaise sintetiza-la información obtida no estudio, incorporando a das dúas fontes -análise cualitativa de discursos grupais e cuantitativa, dunha mostra representativa da poboación de referencia-, recapitulándoa nun texto de carácter conclusivo.

A exposición dos resultados do estudio, ilústrase, pois, cos elementos plásticos -cadros e gráficos- máis relevantes procedentes do informe de resultados da enquisa, así como con fragmentos dos discursos grupais.

A este respecto, cómpre indicar que, aínda que en moitos casos se especifica a orixe dos asertos, o texto incorpora, noutros casos, as achegas daquelas dúas fontes nunha única liña de reflexión.

Resta indicar que, desde o punto de vista estrutural, a seguinte recapitulación de contidos toma como base a síntese dos resultados da enquisa, na que se abordan a práctica totalidade das temáticas analizadas na produción grupal. De calquera xeito, a comparanza sistemática coa



estructura do informe da análise cualitativa permitiu ampliar esa estrutura inicial, afondando noutros contidos de interese.

- ◉ Comezando, logo, pola descrición do perfil do colectivo estudado, a enquisa realizada permitiu obter unha caracterización da poboación estudada, da que, a seguir, se destacan os seus trazos principais:

- ◉◉ A media de idade das mulleres do medio rural de Galicia cífrase en 39,5 anos (fig. 1), constituíndo a fracción máis numerosa o colectivo con idades comprendidas entre os 45 e os 64 anos -37,4%-, colectivo que presenta un peso aínda máis elevado nas zonas do interior de Galicia (fig. 2), o que vén confirma-lo maior envellecemento poboacional que caracteriza a este parte do territorio, tal e como tamén se puxo de manifesto no grupo de discusión realizado nese tipo de hábitat (\*)<sup>5</sup>.



<sup>5</sup> A través da figura dun asterisco ou dunha sucesión de varios faise referencia á inclusión dunha ou máis ilustracións do discurso das mulleres do medio rural na liña do comentario que se vén de realizar.

Fig. 1. IDADE DA POBOACIÓN ENTREVISTADA. PRINCIPAIS ESTATÍSTICOS DESCRITIVOS

IDADE				
MEDIA	MEDIANA	MODA	DESV. TÍPICA	N
39.6	39	64	14.2	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

Fig. 2. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE, POR TIPO DE HÁBITAT.

	RURAL INTERIOR	RURAL COSTEIRO	RURURBANO	TOTALW <sup>6</sup>
DE 16 A 29 ANOS	30.3	33.5	30.4	30.6
DE 30 A 44 ANOS	30.3	29.0	33.3	32.0
DE 45 A 64 ANOS	39.4	37.5	36.3	37.4
TOTAL	100	100	100	100
N	485	501	514	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

<sup>6</sup> Dado que para o deseño da mostra se procedeu a unha afixación non proporcional do estratos poboacionais, isto é, realizouse o mesmo número de entrevistas en cada un dos tres estratos –rural interior, rural costeiro e rururbano- pese a teren un tamaño distinto, posteriormente foi necesario aplicar uns coeficientes de ponderación, devolvendo ó seu peso real a cada un daqueles, co fin de equilibra-los datos globais. É por isto que cando se aluda en cadros e gráficos ós totais, se inclúa a letra “W”, que indica que os datos globais foron ponderados.




“Moi gordo, no medio rural o problema da xente maior. (...) E que para min, o problema do medio rural é iso. Na maioría das casas, no noventa por cen, hai xente maior. E non tes quén che axude, non tes unha axuda... por moito que din que hai.” (Rural interior).

●● En canto ó nivel educativo, case dous tercios das entrevistadas posúen, como máximo, o título de graduado escolar, en tanto que as mulleres con formación universitaria representan un 10,5% da mostra (fig. 3). Complétase este perfil indicando que a poboación ocupada no medio rural se sitúa no 43,5%, porcentaxe que é algo máis elevada no hábitat rururbano, así como tamén o é a de mulleres desempregadas, dato que evidencia unha maior taxa de poboación activa nas áreas máis urbanizadas; mentres que, por outra banda, as amas de casa son proporcionalmente máis numerosas no rural costeiro e interior (fig. 4). Por último, pode sinalarse que a maioría das entrevistadas están casadas, en concreto 6 de cada 10 (fig. 5).



Fig. 3. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS



FORNTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.




Fig. 4. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIOLABORAL, POR TIPO DE HÁBITAT

	RURAL INTERIOR	RURAL COSTEIRO	RURURBANO	TOTALW
TRABALLADORA POR CONTA PROPIA	16.3	14.6	19.1	15.8
TRABALLADORA POR CONTA ALLEA	22.3	25.0	26.7	25.1
AXUDA NO NEGOCIO FAMILIAR	0.8	1.8	0.4	1.5
ESTUDIANTE	10.7	10.6	10.5	10.6
DESEMPREGADA	6.4	6.8	9.7	7.7
TAREFAS DA SÚA CASA	35.1	32.7	27.4	31.7
XUBILACIÓN ANTICIPADA	3.9	4.4	2.9	3.6
PENSIONISTA POR VIUVEZ	4.5	4.1	3.3	4.0
TOTAL	100	100	100	100
N	485	501	514	1.500

FORNTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISTA. 2005.



Fig. 5. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O ESTADO CIVIL



FORNTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



☉☉ Un 10,7% das entrevistadas vive nun fogar polinuclear, isto é, no que existe máis dunha unidade familiar, fogares que son proporcionalmente máis numerosos nos concellos rurais do interior de Galicia, en especial no hábitat diseminado (fig. 6).

Fig. 6. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O TIPO DE FOGAR, POR TIPO DE HÁBITAT DESAGREGADO

	RURAL INTERIOR		RURAL COSTEIRO		RURURBANO		TOTALW
	NÚCLEO	DISEMINADO	NÚCLEO	DISEMINADO	NÚCLEO	DISEMINADO	
FOGARES NUCLEARES	89.4	85.7	95.5	87.2	95.8	87.7	89.3
FOGARES POLINUCLEARES	10.6	14.3	4.5	12.8	4.2	12.3	10.7
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100
N	227	258	133	368	165	349	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



A técnica cualitativa xa permitira, de feito, constatar este fenómeno, xa que foi no grupo realizado no rural interior, onde se destacou a persistencia desta modalidade convivencial (\*), modalidade coa que se relacionaban outras moitas cuestións, como a problemática das persoas maiores dependentes. De feito, a existencia dunha poboación notablemente envellecida e a abundancia deste tipo de fogares fai que o coidado e a atención diaria destas persoas se conciba como un problema, se cabe, máis acusado que no medio urbano (\*\*).

“Digo que no medio rural as familias son pluricelulares, é dicir, están os pais ou os sogros e están os fillos, a familia é de núcleo grande; entón a pro-



blemática non é so se é maior, senón que a problemática é de relacións con un, con outro; quén coida aí, quén vai para alá...” (Rural interior).

“Eu teño ó meu cargo unha persoa na casa enferma de Alzheimer, non sei se é de salientar ou non. Si, miña sogra neste caso; para o meu nivel non hai ningún recurso... Eu non sei se no núcleo urbano hai máis axudas para eles ou non, eu iso non o sei; o que é na aldea, ou tes que ter uns ingresos moi baixiños, ou nese aspecto non hai nada. (...) O Alzheimer é unha enfermidade durísima, durísima (*asenten varias*), tanto para o enfermo como para a familia”. (Rural costeiro).

●● Por outro lado, algo máis da metade das entrevistadas dispón de ingresos propios, circunstancia que, tanto no rural interior como no costeiro, semella ser máis frecuente nos núcleos dos municipios ca nas parroquias de poboamento diseminado (fig. 7). Neste sentido, o discurso das mulleres que residen en zonas do interior incidía na importancia da independencia económica como condicionante de múltiples aspectos da vida das mulleres. A independencia económica concíbese como a principal garantía da autonomía persoal: destácase, dunha banda, como elemento que pode asegurar que a muller non se someta á figura masculina -marido/parella ou pai-, e como elemento distintivo das novas xeracións de mulleres, en contraste coa situación vivida por outras xeracións, na que a falta de independencia das mulleres se asocia tamén a situacións de dependencia e submisión ó grupo



familiar, especialmente en fogares polinucleares nos que a convivencia ten lugar coa familia política (\*).

Fig. 7. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A DISPOÑIBILIDADE DE INGRESOS, POR TIPO DE HÁBITAT DESAGREGADO.

	RURAL INTERIOR		RURAL COSTEIRO		RURURBANO		TOTALW
	NÚCLEO	DISEMINADO	NÚCLEO	DISEMINADO	NÚCLEO	DISEMINADO	
SI	54.2	48.8	61.7	46.7	53.9	54.7	53.2
NON	45.8	51.2	38.3	53.3	46.1	45.3	46.8
TOTAL	100	100	100	100	100	100	100
N	227	258	133	368	165	349	1.500



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

“Nº5: Non é igual ir para unha casa de fóra (*refírese á casa dos sogros*) hai vinte anos e ir agora, porque hai vinte anos adaptábaste a todo e non necesitabas nada, vivías naquilo e... (Nº6: “*Non gastabas nada*”) ... non gastabas nada porque non tiñas nada, pero agora... en casa de fóra se ti non tes un ingreso de teu, que che entre a ti sen depender dos da casa, se tes que estar pedíndolle ó teu home, se tes que estar (Nº2: “*e que se ías para casa de fóra non eras ninguén*”) ... claro, “vou coller cartos para ir tomar un café, vou coller cartos para ir comprar medias”, pois xa a levas cadrada. Por moi bo que sexa o home, porque un home... (Nº2: “*e que o home pode ser que teña a mesma situación ca ti*”) (...). Ti tes moitos

gastos que o teu home non controla, non os debe controlar, e se ti estás dependendo do soldo del, contrólachos, porque se están os cartos aí e colles vinte euros, e colles trinta, e colles corenta, van a menos... É distinto; para min unha muller que non teña un soldo hoxe, un soldo, pequeno ou grande para ela, vai mal". (Rural interior).

Sen embargo, desde a óptica dunha eventual persistencia dos estereotipos de xénero, a enquisa, pola súa banda, puxo de manifesto que para as mulleres o feito de teren un traballo non implica necesariamente unha maior autonomía de criterio e poder de decisión no ámbito familiar (fig. 8).



51

Fig. 8. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O GRAO DE ACORDO CUNHA SERIE DE AFIRMACIÓN<sup>7</sup>.

	TOTALMENTE DE ACORDO	DE ACORDO	POUCO DE ACORDO	NADA DE ACORDO	NS/NC	TOTAL	NW
O TEREN UN TRABALLO FAI QUE NA TÚA CASA RESPECTEN MÁIS AS TÚAS OPINIÓNS E DECISIÓNS	20.1	25.3	21.9	27.8	4.9	100	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

<sup>7</sup> A afirmación que se plasma a continuación constitúe un dos ítems incluídos nunha pregunta do cuestionario destinada a indaga-la persistencia de estereotipos de xénero. En posteriores comentarios volveranse introducir outros deses ítems co obxecto de exemplifica-lo comentado.

● O emprego feminino e o traballo extradoméstico, abordados desde múltiples vertentes, constituíron a principal temática obxecto de debate nos grupos de discusión realizados. A enquisa realizada posteriormente, tendo en conta a relevancia concedida a todos estes aspectos, así como os obxectivos da investigación, contemplou toda unha serie de cuestións asociadas ó emprego e á situación sociolaboral das mulleres de ámbito rural. Expóñense, pois, a seguir, os resultados que, a este respecto, se extraen das dúas fontes consideradas:



●● En canto á distribución da poboación ocupada segundo a ocupación (fig. 9), a enquisa realizada puxo de manifesto que só un 10,2% das mulleres traballadoras ocúpase no sector primario, feito que vén constata-la perda progresiva de poboación ocupada na actividade agraria e pesqueira. Neste sentido, e como era previsible, o tipo de hábitat establece diferencias notables, pois a proporción de mulleres dedicadas ó sector agropecuario nas zonas rurais do interior supera en máis de 10 puntos a porcentaxe rexistrada nas áreas rururbanas. Doutra banda, confírmase tamén a crecente importancia do sector terciario no conxunto da economía do medio rural, destacándose a presenza feminina na actividade comercial.

Fig. 9. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA OCUPADA SEGUNDO A OCUPACIÓN

OCUPACIÓN	%
TRABALLADORA NA AGRICULTURA OU GANDERÍA	8.7
MARISCADORA	1.5
TRABALLADORA POR CONTA PROPIA/EMPRESARIA NA HOSTALERÍA	6.0
TRABALLADORA POR CONTA PROPIA/EMPRESARIA NO COMERCIO	12.4
TRABALLADORA POR CONTA PROPIA/EMPRESARIA NOUTROS SECTORES	4.0
TRABALLADORA DO ENSINO (MESTRAS E. PRIMARIA, PROFESORAS)	2.1
OUTRAS TÉCNICAS CON TITULACIÓNS MEDIAS OU SUPERIORES	3.7
EMPREGADA ADMINISTRATIVAS	8.6
DEPENDENTA DE COMERCIO	10.4
EMPREGADA NA HOSTALERÍA	6.6
OUTRAS TRABALLADORAS CUALIFICADAS NO SECTOR SERVICIOS	11.3
TRABALLADORA CUALIFICADA NA INDUSTRIA E NA CONFECIÓN	4.1
TRABALLADORA CUALIFICADA NOUTRAS INDUSTRIAS	3.8
TRABALLADORA NON CUALIFICADAS	8.5
EMPREGADA NO SERVICIO DOMÉSTICO	4.2
NC	4.1
TOTAL	100
NW	654



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

Estes datos relaciónanse claramente con dúas liñas discursivas presentes na produción grupal analizada. Por unha banda, as proxeccións de futuro para a actividade agraria, son, sobre todo para as mulleres do hábitat rural interior, netamente pesimistas, pois á escasa rendibilidade das pequenas e medianas explotacións agropecuarias (\*) hai que engadir outro factor, o cada vez menor interese da xuventude, e en concreto das mulleres, en permanecer nas aldeas dedicándose a este tipo de actividade (\*\*).



54

"Nº3: Non apoian nada, o leite báixano, o penso sóbeno, o que dan polos xatos non vale para nada.

Nº2: É verdade.

Nº5: E a agricultura morre porque a matan.

Nº4: A agricultura morre porque non che axudan a nada, non che axudan a nada." (Rural interior).

"Nº5: Gandeira ningunha. Falta a primeira muller aquí na Pastoriza que decida ser gandeira.

PRECEPTORA. ¿Pero ti non o es?

Nº5: Pero eu son vella, pero a miña filla ... á miña filla, se lle falas diso...

(Nº1 e Nº9 en conversación superposta din que as mulleres non queren dedicarse á gandería).

Nº8: Non queren, non queren.

Nº9: Normalmente non queren.

Nº8: Eu ó mellor véndoas dentro de moi pouco..." (Rural interior).

Isto ten ademais, outra consecuencia, que será obxecto de análise nas seguintes páxinas: o éxodo ás cidades ou vilas de maior tamaño semella ser unha tendencia crecente (\*).


"Porque as mulleres non queren os homes con cooperativas e os homes, ó final, fanche o que din as mulleres, a maioría deles (risas)... e se a muller dille "vende as vacas e ímonos para Lugo, aínda que vivamos regular..." (Rural interior).



☉☉ Polo que atinxe ás condicións de traballo, a maior precariedade no emprego detéctase no hábitat rural costeiro. Aí a temporalidade na contratación afecta ó 30% das mulleres traballadoras ó tempo que un 5,8% traballa sen contrato (fig. 10). Malia que o tema das condicións laborais foi obxecto de debate entre as mulleres do hábitat rururbano, no grupo realizado na área rural costeira detectouse unha percepción negativa do medio no que habitan, en canto a identifica-la comarca cunha zona economicamente deprimida, na que o fenómeno

do desemprego e a precariedade laboral presenta especial incidencia no conxunto da poboación (\*). De feito, como se evidencia na enquisa, é precisamente neste estrato onde as mulleres conceden unha maior relevancia á estabilidade laboral como aspecto máis importante que hai que valorar nun emprego -39,1%, fronte ó 35,7% rexistrado no rural interior e o 32,9% no rururbano- (fig. 11).


Fig. 10. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA OCUPADA SEGUNDO A RELACIÓN CONTRACTUAL



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Fig. 11. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O ASPECTO MÁIS IMPORTANTE A VALORAR NUN TRABALLO




FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

“Estamos falando dunha zona deprimida. Hai que ir á provincia da Coruña, salvo nas áreas metropolitanas, Ferrol, A Coruña. Eu coñezo toda a Mariña ata a Costa da Morte, de pé a pa, é e unha zona toda deprimida, non nos enganemos, hai que dici-lo que hai. En toda a Costa da Morte non hai traballo, en Fisterra tódolos rapaces están fóra da aldea, están en Canarias e por aí, non hai traballo e se non hai traballo, a miña empresa...” (Rural costeiro).

●● A inmensa maioría das mulleres que traballan fano a tempo completo. Cando non é así, no 39% dos casos, débese a que non lle ofrecen unha xornada de maior duración, e no 29,2% dos casos ás responsabilidades doméstico-familiares que teñen asumidas (fig. 12). Esta é unha cuestión que, sen embargo, non ten unha relevancia singular para o conxunto da poboación entrevistada cando se trata de sinala-lo aspecto máis importante á hora de valorar un emprego, pois, como se reflicte no gráfico anterior, a estabilidade laboral e a satisfacción persoal na súa realización son os principais factores de influencia, en tanto que a compatibilidade do posto de traballo coa atención das responsabilidades doméstico-familiares ocupa un cuarto posto en importancia -13,6%-



Fig. 12. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA OCUPADA QUE TRABALLA A TEMPO PARCIAL SEGUNDO O MOTIVO



FORTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

De tódolos xeitos, e con independencia das opinións manifestadas, non cabe desdeña-la importancia das cuestións relacionadas coa harmonización da vida persoal, familiar e laboral para as mulleres de ámbito rural, tal e como se evidenciou nos grupos de discusión realizados nos tres tipos de hábitat considerados. Neste sentido, é interesante destacar que 3 de cada 10 mulleres con experiencia anterior nun emprego remunerado deixaron de traballar, ben polo pro-




pio feito de contraer matrimonio, ben para dedicarse á crianza dos fillos e das fillas (fig. 13) (\*).

“(…) Entón tiven o cativo e parei de traballar, polo feito de telo cativo; a que me quedei en casa fun eu, que eu non quería quedar sen traballar, pero claro, como había que coidar, mandar coidar a unha persoa, que se non, deixei o traballo, para coidalo, senón, estaría aínda traballando. (Rural interior).

Fig. 13. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA NON OCUPADA CON ANTERIOR EXPERIENCIA LABORAL SEGUNDO O MOTIVO POLO QUE DEIXOU ESE EMPREGO.



60




FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

●● O desemprego feminino, un dos principais eixes do discurso das mulleres do medio rural nos grupos de discusión realizados, é confirmado, desde o punto de vista cuantitativo, como a principal problemática da poboación feminina obxecto de estudio, pois un 34,4% das entrevistadas refírese de xeito espontáneo á falta de postos de traballo e á precariedade no emprego como o principal problema das mulleres no seu concello, a moita distancia das restantes problemáticas mencionadas (fig. 14); un aspecto que noutra cuestión, pero xa de maneira inducida, volve sinalarse como relevante no 76,8% dos casos.



Fig. 14. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A REFERENCIA Ó PRINCIPAL PROBLEMA DAS MULLERES NO SEU CONCELLO




FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

⊗⊗ Precisamente, desde unha perspectiva socioeconómica, a enquisa realizada veu constata-las escasas expectativas das mulleres respecto do crecemento económico das zonas rurais de Galicia. Así, a metade das entrevistadas exprésase en termos negativos, pois cre que a maioría das mulleres novas preferirán trasladarse a outro lugar, dadas as escasas posibilidades de emprego existentes no seu concello (\*). Con todo, un 28% confía en que o desenvolvemento económico contribúa a fixa-la poboación no medio rural (fig. 15).

“Varias: non, non, non. Non estamos vendo novas posibilidades de autoemprego, non hai cousas novas...”



Fig. 15. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A OPINIÓN VERBO DA SITUACIÓN DAS MULLERES DO SEU CONCELLO NO FUTURO



FONTE: ELABORACI3N PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

●● Xustamente, o 3mbito laboral 3 un dos principais terreos nos que teñen lugar as situaci3ns discriminatorias por raz3ns de x3nero, concretamente no que respecta 3 acceso desigual a un posto de traballo (\*), 3 discriminaci3n salarial e mesmo 3 trato recibido no lugar de traballo (\*\*). De t3dolos xeitos, tanto no plano das relaci3ns sociais como no propio 3mbito familiar, tam3n se constatan de maneira significativa este tipo de situaci3ns (fig. 16).



Na maioría dos casos contratan a homes, iso en tódolos sitios; a muller aínda está moi por debaixo, iso en calquera sitio que sexa, fál-talle moito camiño aínda para estar coma o home (Nº7: “*Veñen moi-tos de lonxe...*”). Eu vexo que as mulleres estamos aí nese nivel do tra-ballo, moi, moi por debaixo, que estamos subindo algo, pero aínda falta moito. (Rural interior).


Nº7: (...) Xa quedas un pouco mal cando o teu compañeiro que está de caixeiro contigo, que ten a mesma categoría ca ti, pensa que ti es unha “porcallada” porque ti es unha muller, diche: “¿me pasas este papel a máquina?” e ti dislle: “pero ¿que pasa? ¿que pensas? ¿que eu son a túa secretaria porque son unha muller?”

Nº8: Ti pagáche-la novatada.

Nº7: Non, non, non, eu traballei con homes, eu traballei con mulleres, era novata pero era o trato, a posición que adopta algún home en certo tipo de traballos dicindo “yo soy el hombre y tú eres una “porcallada”, que estás aquí, por ser una mujer”. (Rururbano).



Fig. 16. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA QUE VIVIU SITUACIÓNS DE DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO SEGUNDO O ÁMBITO DE EVENTUAL DISCRIMINACIÓN



FORNTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



⊙ Noutra orde de cousas, e en canto ó reparto de responsabilidades doméstico-familiares, os resultados da enquisa corroboran o que, en termos xerais, e atendendo ó discurso das mulleres, se hipotetizaba: a realización das principais tarefas doméstico-familiares vese claramente determinada pola asignación de roles sexistas, indicadores da desigualdade de xénero. Así, labores como varrer ou aspira-la casa,

realiza-la compra e pasa-lo ferro á roupa, presentan porcentaxes de realización moi elevadas entre as mulleres, en tanto que outras tarefas, como a administración dos cartos e a tramitación de documentos son efectuadas por homes en proporcións considerables; sendo, desde logo, o mantemento/reparación da vivenda, a actividade onde mellor se pode apreciar un reparto de tarefas baseado nos tradicionais roles de xénero (fig. 17).

Fig. 17. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A AFIRMACIÓN RELATIVA Á REALIZACIÓN DE CERTAS TAREFAS DOMÉSTICO-FAMILIARES NO FOGAR. PESO PORCENTUAL

	A ENTREVISTADA	O RESTO DAS MULLERES	OS HOMES DA CASA	OUTRA PERSOA ACHEGADA QUE NON VIVE NO FOGAR	UNHA PERSOA REMUNERADA
VARRER/ASPIRAR	94.5	40.1	23.4	0.4	3.9
PASA-LO FERRO Á ROUPA	88.2	36.7	11.3	0.5	3.4
MANTEMENTO/REPARACIÓNS DA VIVENDA	32.0	11.6	63.6	3.0	28.8
FACE-LA COMPRA	90.1	32.7	29.3	0.3	1.0
COCIÑAR	85.3	36.3	17.5	0.2	1.4
TRAMITACIÓN DE DOCUMENTOS	67.5	21.5	53.8	0.9	1.8
ADMINISTRACIÓN DOS CARTOS	79.7	29.1	54.0	0.1	-
COIDADO BÁSICO DAS E DOS MENORES	31.8	10.0	14.2	0.9	0.5
ATENCIÓN DOS MEMBROS DO FOGAR CON LIMITACIÓNS	11.6	4.1	3.6	-	0.3
NW	1.500	1.500	1.500	1.500	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Deste xeito, púxose de manifesto que a corresponsabilidade no reparto de tarefas domésticas segue a ser claramente insuficiente. Así, por exemplo, comprobouse que o reparto equitativo das tarefas domésticas só ten lugar, polo xeral, cando a muller ten un traballo remunerado fóra da casa (\*).

Cando eu traballaba, o primeiro que chegaba a casa, se chegaba el antes, o que quedaba feito para quentar ou outra cousa, poñía o prato, porque eu traballaba tamén as miñas oito horas como traballaba el, e entón si. Pero agora non, porque eu agora estou na casa entón xa non..." (Rural interior).



68

Por outro lado, en liñas xerais, a realización dos grupos evidenciou que a atención e coidado cotián das e dos menores segue a ser unha tarefa exercida principalmente por mulleres(\*), aínda que tamén se recolleron referencias á participación dos homes no seu coidado (\*\*).

"Polo menos na miña casa, se estou enferma, aténdenme, non saben qué facerme, pero desde logo, cando están eles enfermos, a primeira que ten que ir ó médico son eu..." (Rural interior).

“Aínda así inflúe moito a xenética; por moito que o pai cambie cueiros, bañe, porque a min o meu compañeiro axúdame en todo iso; ó final, non sei porqué terminas facéndote ti co poder dos cativos. (Nº2 *asinte*). É verdade, porque dáste de conta de que como os tratas ti non ten nin punto de comparación con cómo o fan eles, porque son distintos...” (Rururbano).

**En calquera caso, unha das principais demandas das mulleres é a relativa á posta en marcha de mecanismos e recursos especificamente destinados ó coidado das e dos menores, fundamentalmente garderías públicas e comedores escolares (\*\*).**

“Nº8: Garderías, por exemplo. Garderías estatais. (Como resposta ás necesidades detectadas para concilia-la vida laboral e familiar).

Nº3 : Aquí non hai garderías.

Nº5 : Hai unha gardería, pero de pagar, é privada.

Nº? : Una familia media non pode acceder a ela.

Nº2 : Non. E ademais custa moitísimo. Eu informeime dunha que abría pola mañá e creo que son unhas once mil pesetas.

(...)


Nº9 : En Mañón nin pública ni privada. Eu me cuestiono, que o meu home me diga que teña un neno...” (Rural costeiro).



⊗ Doutra banda, no que respecta ós aspectos asociados á formación, a realización da enquisa serviu para evidenciar que algo máis da metade das mulleres do medio rural non estudantes teñen interese en recibir formación, se ben só nun 4,7% dos casos están a realizar algún curso (fig. 18). A informática, os idiomas e os estudos destinados a completa-la formación regrada son os contidos mencionados en maior medida por esa fracción que está a participar en accións formativas. Tanto a formación regrada como, sobre todo, a informática, concentran, ademais, gran parte das preferencias da poboación que non recibe formación nestes momentos, se ben cómpre destaca-lo interese destas entrevistadas en materias como o turismo e a hostalería, a xeriatria e a axuda a domicilio (fig. 19), contidos relacionados coas comunmente denominadas novas cuncas de emprego, de importancia capital en canto ó deseño de políticas públicas orientadas á dinamización económica do medio rural, en especial das zonas economicamente menos desenvoltas.




Fig. 18. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA NON ESTUDIANTE SEGUNDO O INTERESE NALGÚN TIPO DE FORMACIÓN



FORTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Fig. 19. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA NON ESTUDIANTE QUE NON RECIBE FORMACIÓN , AÍNDA QUE MANIFESTA TER INTERESE, SEGUNDO AS PREFERENCIAS FORMATIVAS<sup>9</sup>



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.





Neste sentido, a técnica cualitativa aplicada serviu para constatar que un dos principais ámbitos no que se perciben carencias é, precisamente, na oferta formativa: mentres que desde a área rural do interior, se destaca como un indicador da situación comparativamente menos vantaxosa do medio rural respecto do urbano (\*), desde a área rururbana crítica-se a insuficiencia de formación de carácter regrado nesa zona concreta, unha área de elevada concentración poboacional, aínda que próxima a unha gran cidade (\*\*).

“Saídas, oportunidades. Se queres facer un cursiño, se queres facer algunha cousa, pois teste que trasladar e algunhas non teñen carné, outras... pois ó mellor polo día non teñen tempo, e se estivesen vivindo na capital, pois ó mellor tiñan unha arroutada de ir facer ese cursiño, ¿non sabes? entón eu creo que (na cidade) tes outras posibilidades que non hai na aldea”. (Rural interior).

“O que quero dicir é que xa non só é no ocio ou no tempo libre. Nos estudos, no poder acceder a uns estudos, xa non de conservatorio, senón simplemente o básico, non só para nosoutras, senón tamén para os nosos fillos, e para nós mesmas, se quixeramos seguir estudiando



<sup>8</sup> Trátase duna pregunta de resposta múltiple, polo que a suma de porcentaxes supera o 100%.

temos que depender de termos que ir a Vigo, de termos que ir a Pontevedra ou máis lonxe ...” (Rururbano).

Ademais, outra das demandas implícita e explicitamente detectadas no discurso das mulleres é a relativa á necesidade de que a formación de carácter non regrado que se imparte desde os entes públicos se oriente ó emprego, á inserción das mulleres no mercado de traballo. Semella que, en ocasións, existe unha contradicción interna nas políticas formativas desenvoltas polos concellos: mentres que, por un lado, perseguen a formación das mulleres dirixida a explora-las posibilidades de desenvolvemento da zona, as políticas de emprego posteriores esquecen por completo o obxectivo inicial de orienta-la formación á contratación das mulleres que residen no municipio (\*).



“O que máis nos preocupa é o traballo da muller, porque temos moi poucos postos de traballo porque antes cás mulleres van os homes, e preparámonos a facer cursos. Eu xa asistín a varios cursos, pero á hora da verdade, para entrar nun posto de traballo, polo menos no que hai na miña zona, vén xente de lonxe. Ese é un problema do Concello, e o meu concello é Castro de Rei, pero á hora da verdade entran os de

Lugo (Nº7: “*Entran os de Lugo, e os de máis lonxe, aínda*”) ...: iso é o que vexo eu moi mal. (...). E á hora da verdade, van a facer ese centro de día, igual que se fixo a residencia de anciáns de Castro de Ribeiras de Lea (Nº7: “*e non vas entrar*”), e non imos entrar, e logo ¿para que nos dan os cursos?” (Rural interior).

◉ Doutra banda, en canto á ocupación do tempo libre das mulleres do rural, e respecto dunha serie de actividades propostas, ve-la televisión constitúe a actividade máis estendida, destacándose tamén escoitar música ou a radio, facer vida social e cultiva-las relacións familiares, e asistir a actos relixiosos (fig. 20). Nesta liña, o fomento e mantemento das relacións sociais considérase fundamental, á vez que tamén se recoñece a redución dos contactos sociais e o maior illamento que existe na actualidade, derivado dos cambios máis recentes no estilo de vida (\*). Por outro lado, ó fío destas cuestións, cómpre indicar que a desigualdade entre homes e mulleres se fai evidente: dunha banda, en canto a confirmarse a persistencia de prexuízos respecto das relacións co sexo oposto, e o consecuente cumprimento por unha parte das mulleres da tradicional norma social (\*\*); doutra, en canto a corrobora-la existencia de casos de clara dependencia do marido ou parella para establecer e manter contactos sociais (\*\*\*) (fig. 21).



Fig. 20. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A REALIZACIÓN DE CERTAS ACTIVIDADES DURANTE O TEMPO LIBRE

	SI	NON, PERO GUSTARIA-LLE	NON	NS/NC	TOTAL	NW
TAREFAS DOMÉSTICO-FAMILIARES (SE TRABALLA FÓRA)	82.7	0.3	10.3	6.7	100	654
TAREFAS NO CAMPO (SE NON TRABALLA NO SECTOR AGRARIO)	20.0	0.6	64.2	15.2	100	1.443
VE-LA TELEVISIÓN	88.4	2.4	8.7	0.5	100	1.500
ESCOITAR MÚSICA, A RADIO	70.6	2.3	25.2	1.9	100	1.500
IR Ó CINE	35.4	22.4	40.0	2.2	100	1.500
TRABALLOS MANUAIS DE TIPO ARTÍSTICO/RECREATIVO	37.5	8.6	53.4	0.5	100	1.500
TRABALLOS NO XARDÍN, HORTA OU SEMELLANTES	47.2	3.1	48.5	1.2	100	1.500
AFECCIÓNS ARTÍSTICAS -ESCRITURA, PINTURA, MÚSICA,...-	41.6	7.7	48.4	2.3	100	1.500
ENCUNTROS SOCIAIS, RELACIÓNS FAMILIARES	69.0	9.7	20.5	0.8	100	1.500
ASISTENCIA A ACTOS RELIXIOSOS	55.7	1.6	41.1	1.6	100	1.500
TRABALLO VOLUNTARIO -ASOCIACIÓN, ONG, OUTRAS ORGANIZACIÓNS, ACTIVIDADES NA PARROQUIA-	10.5	10.1	77.2	2.2	100	1.500
SAÍR A CAMIÑAR, EXCURSIÓNS Ó AIRE LIBRE	64.1	10.1	25.4	0.4	100	1.500
MANEXA-LO ORDENADOR	31.9	18.5	48.9	0.7	100	1.500
FACER DEPORTE	26.6	15.8	56.7	0.9	100	1.500
VIAXAR	39.1	39.0	21.0	0.9	100	1.500
OUTRAS	24.7	27.8	47.5	-	100	7

FORNE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



“E que a sociedade que había antes non a hai agora. Antes, eu acórdome que cando eu era pequena, meus pais ían á casa de aquí, duns

veciños, xuntábanse tódolos veciños e xogaban ás cartas e non había luz. Eu acórdome de cando se puxo a luz. e xogaban alí coas cartas ó pé do lume. E agora non temos tempo, tampouco non o queremos ter, porque vivimos nun mundo axitado (*asenten*).” (Rural interior).

“Nº1: Si, si, vese ben que vaia tomar un café.

Nº1: Vaia, eu soa non, pero co meu marido...

Nº6: Escoita unha cousa, pero ben visto non está en tódolos sitios; unha cousa é que ti o fagas e veñas e outra cousa é o que digan os demais ... que sabes que te están criticando. ” (Rural interior).

“Nº2: (...) Hai casos de mulleres que non saen porque ó seu marido non lles parece ben (Nº3: “É moi triste”). Eu, por exemplo, na asociación onde estamos nosoutras, facemos tódolos anos unha cea (...) e ó mellor temos compañeiras que morren coas ganar de vir á cea, porque normalmente somos así, moi especiais, queremos un local moi amplo onde poidamos cear e bailar, sen termos que saír de aí, porque somos moi especiais, e hai mulleres que morren coa envexa por vir con nós e non veñen porque ós seus maridos lles parece mal, pero eles si se van ás súas ceas de empresa”. (Rururbano).



Fig. 21. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O GRAO DE ACORDO CUNHA SERIE DE AFIRMACIÓNS

AFIRMACIÓNS	TOTALMENTE DE ACORDO	DE ACORDO	POUCO DE ACORDO	NADA DE ACORDO	NS/NC	TOTAL	NW
AS MULLERES DEBEN CONTAR CO PERMISO DO SEU HOME/PARELLA PARA AS ACTIVIDADES QUE REALICEN FÓRA DA CASA	3.7	13.4	20.3	60.7	1.9	100	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Cómpre destacar, ademais, que as responsabilidades doméstico-familiares ocupan, como se hipotetizaba, o denominado tempo libre da gran maioría das mulleres que teñen un emprego remunerado, actividade que, loxicamente, non presenta o carácter de lecer que si teñen a maior parte das citadas, polo que, xunto coa realización das tarefas do campo, representan as actividades menos demandadas por quen non as realiza, como pode comprobarse na figura nº 20.

A escaseza de tempo libre é, de feito, un lugar común no discurso das mulleres. Pese a que se recoñeza a importancia de poder gozar dun tempo “propio” como medio de evasión das ocupacións

cotiás, a renuncia ó tempo libre en favor do coidado da familia, semella ser un feito habitual (\*).

“Moitas veces o tempo libre buscámolo nosoutras dependendo tamén do noso entorno familiar. Por exemplo, eu ó mellor teño a tarde libre e podería facer unhas actividades, pero se estou pensando que para eles é mellor que me quede en casa, a axudar ós meus fillos ou a preparar algo que a min me interesa, pois ó mellor renuncio un pouco ó meu tempo libre a favor dos meus fillos ou do meu home; iso penso que o facemos tódalas mulleres. Ó mellor inconscientemente non nos decatamos de que estamos renunciando moitas veces a moitas cousas... a ir con aquela amiga, ou ir a aquilo...” (Rururbano).



Ó fío destas cuestións, cabe aludir ás demandas orientadas á organización de actividades de ocio e lecer por parte da Administración municipal, demandas que se sitúan na liña das críticas que apuntan a unha falta de oferta atractiva e suficiente que atenda á diversidade de preferencias das cidadás e dos cidadáns, así como da falta de lugares específicos para a realización deste tipo de actividades (\*).


“Eu non sei. Falo por min, neste caso vou falar por min. Eu como muller nova noto unha carencia moi grande... Eu creo que necesitabamos un espacio onde nos puidésemos reunir, un espacio público que concertase o Concello, como era a Casa da Bola; ten que haber un espacio para que a xente se reúna, como centro social...” (Rururbano).

- Relacionadas en gran medida coa ocupación do tempo libre, atópanse as cuestións asociadas ó asociacionismo e á participación política. Neste sentido, a enquisa realizada puxo de manifesto un escaso nivel de participación asociativa do colectivo de mulleres que residen no medio rural -23,1%-, participación que aínda é máis discreta no plano da participación efectiva. Este discreto grao de asociacionismo explicaríase, fundamentalmente, segundo a información recadada, pola falta de interese e a propia consideración de tal eventualidade, de xeito que a falta de tempo libre non ocupa un lugar especialmente relevante, pois, de feito, só foi mencionada polo 9,2% das entrevistadas que non pertencen a ningún tipo de organización (fig. 22).





Fig. 22. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA QUE NON PERTENCE A NINGUNHA ORGANIZACIÓN SEGUNDO O MOTIVO DECLARADO



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Con todo, o asociacionismo é valorado en termos moi positivos, pois considérase unha excelente vía de relación social e ocupación do tempo libre para as mulleres que residen en zonas rurais.

“É que che obriga, tódalas actividades que sexan fóra da casa, e sobre todo se só es ama de casa, que non teñas hábito de saír, que

só estas dedicada á familia, o feito de saír do que fas tódolos días a min xa me parece unha gran cousa; eu de feito fixen así.” (Rural costeiro).

En canto ó tipo de asociacións, destácanse as referencias a aquelas de carácter cívico con participación mixta, en tanto que, das asociacións tipicamente femininas, as de amas de casa e as de mulleres rurais son as máis mencionadas, presentando estas últimas un peso especialmente significativo no estrato rural interior (fig. 23), tal e como xa se translucía na discusión de grupo realizada nese mesmo hábitat (\*).



Fig. 23. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA QUE PERTENCE A UNHA OU VARIAS ORGANIZACIÓNS SEGUNDO A TIPOLOXÍA. PESO PORCENTUAL

TIPO DE ORGANIZACIÓN	PERTENZA %
<b>ASOCIACIÓNS MIXTAS</b>	
CULTURAI S OU RECREATIVAS	10.7
SOCIAIS E ASISTENCIAIS	6.9
PROFESIONAIS E LABORAI S	5.5
DEPORTIVAS/CLUBS DEPORTIVOS	1.4
CÍVICAS -VECIÑOS/AS, CONSUMIDORES/AS, ANPAS,...-	30.8
XUVENÍS	2.3
RELIXIOSAS	4.0
<b>ASOCIACIÓNS DE MULLERES</b>	
AMAS DE CASA	15.8
SOCIAIS E CULTURAI S	4.6
PROFESIONAIS E LABORAI S	1.1
MULLERES RURAIS	14.7
VIÚVAS	-
<b>ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS E SINDICAIS</b>	
PARTIDO POLÍTICO	8.6
SINDICATO	14.2
<b>TOTAL</b>	<b>120.6</b>
<b>NW</b>	<b>346</b>

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.




“Polo menos, reunímonos... (*Asenten varias*). Reunímonos, somos trescentas mulleres e é unha forma de relación, de relacionarse”. (Rural interior).

- ⊙ Se a participación en organizacións é escasa, o nivel de afiliación a partidos políticos é ínfimo, pois só un 2%

declara pertencer a unha organización deste tipo (fig. 24). A este respecto, a desconfianza respecto do labor desenvolto polos partidos políticos e os sindicatos é a tónica xeral do discurso das mulleres do medio rural. Así, a política en xeral é valorada en termos pexorativos, destacando como principal característica a falta de honradez das persoas que a exercen (\*).

Fig. 24. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A PERTENZA A UN PARTIDO POLÍTICO



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

“É que eu, a política, a vexo tan negra, tan noxenta. O político é unha cousa..., dá igual que sexa unha muller, que sexa un home; non cambia nada”. (Rural costeiro).

Estes datos contrastan coa importancia concedida á presenza feminina na actividade política, e sobre todo co 45,6% de mulleres que estarían dispostas a participar na vida política municipal, detectándose a maior receptividade entre as mulleres dos concellos do interior (\*) e as maiores reticencias entre as que residen no rural costeiro (fig. 25) (\*\*).

Fig. 25. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O INTERESE PERSOAL NA PARTICIPACIÓN NA TOMA DE DECISIÓNS DOS ASUNTOS DO CONCELLO, POR TIPO DE HÁBITAT

	RURAL INTERIOR	RURAL COSTEIRO	RURURBANO	TOTALW
SI	53.6	33.3	43.0	45.6
NON	42.3	57.3	50.2	48.2
NC	4.1	9.4	6.8	6.2
TOTAL	100	100	100	100
N	485	501	514	1.500



85

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

“Eu si iría, (*referíndose a formar parte das listas electorais*). (...) Pois iría. O problema é termos tempo, porque eu si iría”. (Rural interior).

“Como independente, que non meterme nunha lista que está xa... Eu meteríame noutro partido novo. Non, agora xa non, pero ó mellor den-

tro de catro anos, prefiro montar outra lista á parte deles, con outra xente, coa túa xente, que ten outras inquedanzas, outras iniciativas, que non que agora me ofreceran desde un partido”. (Rural costeiro).

- Por outro lado, as entrevistadas tamén perciben unha clara desigualdade das mulleres que habitan en contornos rurais, en comparación coas que residen no medio urbano en moi distintos ámbitos, detectándose os maiores consensos no plano das posibilidades de emprego e na oferta de servizos para a atención das persoas maiores (fig. 26).



Fig. 26. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A PERCEPCIÓN DE SITUACIÓNS DE DESIGUALDADE DAS MULLERES DO MEDIO RURAL, EN COMPARANZA COAS DO MEDIO URBANO

	SI	NON	NS/NC	TOTAL	NW
NAS POSIBILIDADES DE EMPREGO	77.5	17.9	4.6	100	1.500
NA OFERTA FORMATIVA	72.5	22.1	5.4	100	1.500
NA OFERTA DE SERVICIOS PARA AS PERSOAS MAIORES (CENTROS DE DÍA, RESIDENCIAS)	74.3	17.5	8.2	100	1.500
NA OFERTA DE SERVICIOS PARA/AS E OS MENORES (GARDERÍAS, COMEDORES ESCOLARES)	72.8	19.5	7.7	100	1.500
NA PARTICIPACIÓN EN ASOCIACIÓNS, SINDICATOS, PARTIDOS POLÍTICOS	51.1	33.7	15.2	100	1.500
NA OFERTA DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE	67.2	25.2	7.6	100	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.

Ademais, a percepción desa desigualdade é máis significativa no hábitat rural interior, mentres que no rururubano, en consonancia co maior nivel de urbanización das áreas nas que se inclúen os concellos da mostra, a percepción dunha posición desvantaxosa é considerablemente inferior (fig. 27).

Fig. 27. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A PERCEPCIÓN DE SITUACIÓNS DE DESIGUALDADE DAS MULLERES DO MEDIO RURAL, EN COMPARANZA COAS DO MEDIO URBANO, POR TIPO DE HÁBITAT. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

ÁMBITOS	RURAL INTERIOR	RURAL COSTEIRO	RURURUBANO	TOTALW
NAS POSIBILIDADES DE EMPREGO	84.7	78.6	73.5	77.5
NA OFERTA FORMATIVA	83.1	76.4	66.5	72.5
NA OFERTA DE SERVICIOS PARA AS PERSOAS MAIORES (CENTROS DE DÍA, RESIDENCIAS)	82.3	78.4	69.6	74.3
NA OFERTA DE SERVICIOS PARA AS E OS MENORES (GARDERÍAS, COMEDORES ESCOLARES)	78.6	69.6	70.2	72.8
NA PARTICIPACIÓN EN ASOCIACIÓNS, SINDICATOS, PARTIDOS POLÍTICOS	62.3	43.5	46.1	51.1
NA OFERTA DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE	77.3	65.3	62.1	67.2
N	485	501	514	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



A percepción do modo de vida urbano no medio rural interior é, de feito, ambivalente. Se ben se destacan os

aspectos positivos e as vantaxes de residir nas cidades, tamén se alude, de forma pexorativa, a certos estereotipos urbanos (\*).

“Somos máis espontáneos. Eu penso que tamén nunha cidade, hai case dous tipos -haberá moitos máis, pero eu non son experta na cidade- pero hai esa xente “ben”, que todo é delicadeza, que todo é mimos, que todo é “parvada”, e despois, a xente máis marxinal que está moito peor ca nós, eu creo (*Asenten varias*). Creo que están peor ca nós porque este ambiente que hai aquí, que che berran ou ti berras, de andar entre as vacas e por aí; pero quizais non sexa pola maldade que existe nos homes, tampouco; un pouco brutos si, a maioría, moitas veces, pero, quizais tamén ó mellor agora, ó vir un pouco máis a xente nova, cambiaremos, logo, de forma de falar... Home, finos como os da cidade, desde logo, non.” (Rural interior).



- Volvendo á cuestión do coidado das persoas maiores dependentes, ámbito no que, como se comentou, se aprecia a desigualdade de oportunidades en comparación coas mulleres das cidades, a enquisa veu confirmar, por outra parte, unha opinión que xa aflo-raba no discurso das mulleres: o rexeitamento social que, en termos xerais, existe en relación ás residen-cias e centros xeriátricos (\*) (fig. 28).



“O dos xeriátricos aquí aínda non está ben visto, é dicir, que aquí ó xeriátrico vai a persoa que non ten absolutamente ninguén a quen recorrer”. (Rural interior).

Fig. 28. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O GRAO DE ACORDO CUNHA SERIE DE AFIRMACIÓNS.

	TOTALMENTE DE ACORDO	DE ACORDO	POUCO DE ACORDO	NADA DE ACORDO	NS/NC	TOTAL	NW
AS PERSOAS MAIORES DEPENDENTES HAN DE SER ATENDIDAS NUNHA RESIDENCIA/XERIÁTRICO	4.8	13.7	30.0	47.0	4.5	100	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Así, púxose de manifesto a carencia ou insuficiencia de recursos e servizos, como a axuda a domicilio, destinados ó coidado destas persoas, algo que acaba por repercutir na vida das mulleres de ámbito rural, sobre as que recae case en exclusiva a responsabilidade do coidado e a atención destas e destes familiares (\*). De feito, a colaboración dos homes nesta tarefa semella ter, na maioría dos casos, un carácter puntual (\*\*).

Nº4: Hai outra cousa, ti non tes vellos na casa (O Nº5 corrobóralo) e é outra vantaxe: onde hai persoas maiores non podes sentar (Asenten varias).

Nº6: É verdade, cómeche moito tempo.

Nº4: Porque eu levo moitos anos pelexando cos hospitais, de abaixo para arriba..." (Rural interior).

Nº4: Si que che axudan, eu seino porque meu pai estivo moi enfermo, e meu marido axudábame se había que cambiarlle os cueiros, e axudábame, pero non é o mesmo...

Nº5: Axúdache por unha necesidade gorda, porque se non...

Nº4: Exactamente". (Rural interior).




- Noutra orde de cousas, e tras constata-la disposición de automóbil na inmensa maioría dos fogares das entrevistadas, comprobouse que a maior parte da poboación feminina que reside no medio rural conduce -63%- (\*), podendo utiliza-lo vehículo sempre que queren en 7 de cada 10 casos (fig. 29). O automóbil é, de feito, o medio de transporte máis utilizado nos desprazamentos -72,4% dos casos-, desprazamentos que, no caso de realizarse á vila ou cidade máis próxima, teñen como obxecto nunha importante proporción de casos a realización de compras -92,7%- e o acceso a servicios sanitarios, presumiblemente especializados -82,3%- (fig. 30).

“Nº5: Carné hoxe en día, a que é un pouco aguda ten que telo (*outra participante mostra o seu acordo*) porque ti, a primeira cousa que tes que facer é quitar o carné (falan varias á vez). A maioría ten carné, porque se es nova ou de mediana idade tes que telo. (...).

Nº6: Faille falta máis o carné, eu penso, á xente da aldea cá da capital. Porque na capital hai tódolos buses a tódolos sitios, para ir de un lado a outro, e aquí na aldea, como non teñas o carné, apaga e vaite, porque non vas a ningún sitio” (Rural interior).


Fig. 29. FRACCIÓN DA MOSTRA. POBOACIÓN ENTREVISTADA QUE DISPÓN DE AUTOMÓBIL NO SEU FOGAR E CONDUCE SEGUNDO A FRECUENCIA COA QUE PODE UTILIZAR AQUEL.



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Fig. 30. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO A AFIRMACIÓN RELATIVA Á REALIZACIÓN DE DESPRAZAMENTOS Á VILA/CIDADE MÁIS PRÓXIMA POR UNHA SERIE DE MOTIVOS. PESO PORCENTUAL.



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Precisamente, a oferta de todo tipo de servizos -sanitarios, de ocio, de carácter privado, como o comercio, o transporte- centran boa parte das demandas de mellora das mulleres que habitan en zonas rurais de Galicia.

“A distancia implica o abandono de moitas cousas; ti non podes facer libremente, ir onde ti queiras, ti non podes elixir, non podes ir ó teatro

cando ti queres ou onde ti queres, ou ó cine a ver o que ti queres; para todo teste que desprazar, para comprar roupa o mesmo, porque se o fas aquí gastas o dobre, co cal o que fas é que te reprimes un pouquiño e ó cabo de x tempo, cando podes saír fóra, pois compras. (Rural costeiro).

⊗ O tema da violencia doméstica foi outro dos asuntos considerados tanto para a análise da información recadada mediante a realización dos grupos de discusión, como a través da enquisa. O máis salientable a este respecto é a identificación espontánea dos malos tratos , psíquicos como unha forma de violencia de xénero (\*). Ademais, a enquisa veu confirmar cómo a poboación feminina residente no medio rural considera, na práctica totalidade dos casos, que sempre se deben denuncia-los malos tratos contra as mulleres (fig. 31).



93

“Nº8: Hai máis malos tratos ca eses (*referíndose ás malleiras*).

Nº7: As palabras.

Nº8: Ás veces moléstate máis unha palabra ca un golpe.

Nº5: Ai non, así e todo...

Nº8: Ai, hai veces que si.

(*Falan á vez*)

Nº7: As palabras tamén ofenden moitísimo... un maltrato... os des- prezos". (Rural interior).

Fig 31. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O GRAO DE ACORDO CUNHA SERIE DE AFIRMACIÓNS

	TOTALMENTE DE ACORDO	DE ACORDO	POUCO DE ACORDO	NADA DE ACORDO	NS/NC	TOTAL	NW
SEMPRE SE DEBEN DENUNCIAR-LOS MALOS TRATOS ÁS MULLERES	89.4	8.1	0.8	0.4	1.3	100	1.500

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.



Finalmente, en canto á satisfacción das mulleres do medio rural en diferentes aspectos da vida persoal, o contorno familiar constitúe o ámbito no que se constata o maior nivel de satisfacción persoal, pois 7 de cada 10 amósanse “moi satisfeitas”, proporción á que habería que sumar un 24,9% que manifesta estar “bastante satisfeita” (Fig. 32). En xeral, o clima que se transmite é de gratificación coa propia vida, detectándose os maiores niveis de insatisfacción en relación á situación económica e ó tempo libre; insatisfacción que se incrementa


canto máis novas son as respondentes, en canto ó lugar no que se vive, á situación económica e á familia, ocorrendo o contrario co tempo libre.

Fig. 32. POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O GRAO DE SATISFACCIÓN NUNHA SERIE DE ASPECTOS DA VIDA PERSOAL

	MOI SATISFEITA	BASTANTE SATISFEITA	POUCO SATISFEITA	NADA SATISFEITA	NS	NC	TOTAL	NW
CO LUGAR, A ZONA NA QUE RESIDE	50.5	37.7	8.9	2.7	-	0.2	100	1.500
COA SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL	35.8	42.7	14.0	5.0	0.3	2.2	100	1.500
COA SÚA SITUACIÓN ECONÓMICA	18.7	49.5	25.1	6.0	0.1	0.6	100	1.500
COA FAMILIA COA QUE CONVIVE	70.2	24.9	1.6	0.1	0.8	2.4	100	1.500
CO SEU TEMPO LIBRE	30.3	39.8	20.7	8.2	0.3	0.7	100	1.500



FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS DA ENQUISA. 2003.







## **5. CONSIDERACIONES DERRADEIRAS**



En páxinas precedentes ofrecéronse as que se entenderon principais evidencias e apuntamentos tirados da indagación desenvolta. Tendo presente o carácter xeral, amplo, desta, en canto procurar unha visión de conxunto nun extenso abano temático, cabería dicir que, como achega de coñecemento, o seu principal valor, máis que o de debuxar un panorama insólito, por descoñecido, é o de constatar e ilustrar con datos e indicios boa parte, a máis substantiva, dos trazos que definen a situación das mulleres galegas que viven no medio rural. Sublíñanse así os perfís máis salientables desa situación que, en termos xerais, vén se-la hipotetizable á luz doutros datos e estudos preexistentes, e mesmo a perceptible a simple vista desde unha observación sagaz da realidade.



Xustamente por iso, alén da literalidade do exposto polo miúdo en relación a cada dimensión analizada, nunha consideración conxunta da información, queda probado que a realidade desa poboación feminina, aínda en toda a súa variedade de situacións, xa non responde ós tópicos tradicionais sobre a posición e papel das mulleres no mundo rural galego que, non obstante, podían ser, eran aínda, certos en gran medida hai ben poucos anos. Asemade, queda probado que tampouco responde a unha situación que poida xulgarse ideal nunha sociedade

moderna, plenamente democrática, sen desequilibrios territoriais e con plena igualdade de oportunidades para as mulleres e os homes que a conforman.

E é que a dinámica social vai por diante dos intentos de analizala e definila. Así, o estudio dá conta dunha realidade en cambio; cambio que se concreta e articula, neste caso, en dous eixes interrelacionados da nosa vida como colectivo: a reformulación do papel social das mulleres; a redefinición do espazo rural -como probaría a complexidade da abordaxe conceptual do termo ruralidade-. Naturalmente, que o sinalado non é privativo de Galicia, pero si que se dá entre nós como unha evolución con certas peculiaridades. Neste sentido, tomando como modelo outras sociedades occidentais desenvoltas, non é difícil establecer os horizontes desexables en canto á condición feminina, nin predicir a evolución futura desta -con independencia do ritmo dos progresos nesa liña-; xa que logo, non o é facer as previsións necesarias para avanzar nese camiño. Pola contra, semella menos doado prever a evolución no segundo daqueles eixes e mesmo definir criterios con validez xeral, se cadra porque se trata, sempre dentro daquela comparanza, dun proceso historicamente máis tardío entre nós, aínda non concluído, e con múltiples expre-



sións singulares que desafían a lóxica teórica da distribución poboacional e da ordenación funcional do territorio.

Neste contexto de cambio, que reafirma a pertinencia de enmarca-las políticas a prol da igualdade entre os xéneros na referencia do desenvolvemento sostible, proxéctase o perfil que xustifica a reflexión anterior. Un perfil con luces e sombras: fronte a unha indubidable mellora das condicións e expectativas de vida con relación a épocas recentes, os determinantes dun medio en cambio, sen que sexan manifestas, se coñezan ou saiban aproveitar tódalas súas potencialidades; fronte a unha meirande cohesión e extensión da rede familiar, unha maior limitación da propia autonomía vital; á par dunha progresiva incorporación ó mercado laboral, unha relativa frustración da autonomía decisional que, como expectativa, se asocia a esa incorporación; contra unhas necesidades, emerxentes na súa expresión, de socialización extrafamiliar, desenvolvemento formativo, cívico, etc., a crise das estruturas comunitarias de relación e a falta de oferta e alternativas equiparables ás que se dan no medio urbano; e así innúmeros contrastes máis, sempre na perspectiva, xustamente, dun desfavorecemento comparativo coas mulleres daquel outro medio. De feito, verificouse que cabe falar, precisamente nesa perspectiva, dun colectivo máis madu-



ro, máis envellecido; caracterizado expresivamente pola presenza de mulleres casadas ás que, de xeito ben desigual respecto dos homes, ese feito lles comporta notables responsabilidades de coidado dos membros dependentes dos grupos familiares e de mantemento da cohesión destes, coa conseguinte mingua de opcións de desenvolvemento persoal e con menos recursos dos servizos sociais para contribuír a aquel coidado; con frecuencia convivindo en fogares polinucleares de vinculación patriarcal incidindo nunha mingua do seu peso decisonal neles, cun reparto de roles nas tarefas domésticas comparativamente máis tradicional; cun nivel formativo ben máis modesto; protagonizando en notable grao, en termos ocupacionais, a evolución da economía de cara a unha crecente terciarización, pero máis afectadas de inactividade, desemprego e precariedade cás mulleres urbanas e os homes, e, desde logo, desigualmente tratadas a estes; cunha presenza moito máis discreta na vida social e política, xa non que a que lles cómpre, senón mesmo que a que teñen na vida familiar e económica.



Xa que logo, os resultados do estudo, supoñen ó tempo, a constatación esperanzadora da evolución da sociedade, das mulleres mesmas, no camiño da igualdade e a indicación dunha serie de carencias e aínda de incógni-

tas, singularmente vinculadas á evolución futura do mundo rural. É por iso que convocan, en coherencia co IV Plano de Igualdade e cos referentes teóricos e normativos que o informan, non só á adopción de medidas que corrixan e superen tales carencias, senón tamén, e inequivocamente, a promover, en pé de igualdade cos homes, a participación activa das mulleres, nomeadamente destas do medio rural, na construción do futuro do noso país, da nosa sociedade.









